

**ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

Resolución do 6 de febreiro de 2006 pola que se convocan cursos de informática para o persoal ao servizo dos concellos de Galicia, na modalidade de teleformación.

Dentro do plan de actividades da EGAP para 2006, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócanse cursos de informática para o persoal ao servizo dos concellos de Galicia, na modalidade de teleformación, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-Solicitudes.

O persoal que desexe participar nos cursos programados no anexo I deberá solicitálos coa presentación mediante fax da instancia que segundo o modelo oficial figura como anexo II desta resolución, e cubrila en todas as súas epígrafes.

Segunda.-Requisitos técnicos.

- PC con conexión á internet.
- Conta de correo electrónico.
- Navegador da internet.

Terceira.-Prazo.

O prazo de presentación das solicitudes rematará o día 10 de marzo de 2006.

Cuarta.-Selección.

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 11 de febreiro de 2004 pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 34, do 18 de febreiro).

Procurarase que estea representado o maior número posible de concellos, con preferencia daqueles máis distantes das capitais de provincia.

Seguidamente, efectuarase a selección dos participantes e esta notificaráselles directamente aos admitidos e publicarase na páxina web <http://e-gap.xunta.es>

Quinta.-Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que puidesen xurdir do desenvolvemento dos cursos, así como a de anulalos se o escaso número de solicitudes non xustifícase a súa realización.

Sexta.-Certificado de asistencia.

A EGAP fixará as probas que considere pertinentes para avaliar os coñecementos adquiridos polos alumnos. Aos participantes que superen os exercicios de avaliación outorgaráselles unha certificación de aproveitamento coa cualificación de apto.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2006.

Antonio Izquierdo Escribano
Director da Escola Galega de Administración Pública

ANEXO I

* Curso de iniciación á informática. O procesador de textos *Word*.

Obxectivos.

Proporcionar uns coñecementos básicos de informática, con especial atención ás posibilidades que ofrece o tratamento de textos na realización das tarefas administrativas.

Destinatarios.

Persoal ao servizo da Administración local da Comunidade Autónoma galega, con coñecementos elementais de informática e acceso á internet.

Desenvolvemento.

1. Duración: 30 horas (26 de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais).

A realización do autoestudo completárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos lle poidan formular ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.

Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seu seguimento e a súa estrutura e a segunda ao final para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma de aproveitamento.

2. Datás: do 21 de abril ao 16 de xuño do ano 2006.

3. Prazas: 50.

Contido.

Introdución a *Microsoft Word*. Administración de documentos. Escribir e editar un texto. Formatos. Estilos. Táboas. Encabezamentos e pés de páxina.

* Curso de folla de cálculo.

Obxectivos.

Introducir o usuario dun xeito rápido no manexo do programa *Excel*.

Destinatarios.

Persoal ao servizo da Administración local da Comunidade autónoma Galega, con coñecementos elementais de informática e acceso á internet.

Desenvolvemento.

1. Duración: 30 horas (26 de autoestudo con titorías telemáticas e 4 horas presenciais).

A realización do autoestudo completárase coa existencia dun sistema de titoría telemática para que os alumnos lle poidan formular ao profesor todas as dúbidas relacionadas coa materia do curso.

Sesións presenciais: realizaranse dúas sesións presenciais de 2 horas, a primeira ao comezo do curso co fin de explicar o seu seguimento e a súa estrutura e a segunda ao final para a realización da proba de avaliación para poder obter o diploma de aproveitamento.

2. Datás: do 21 de abril ao 16 de xuño do ano 2006.

3. Prazas: 50.

Contido.

Introdución a *Excel*. Introducir información na folla de cálculo. Traballar con filas e columnas. Darlle formato á información. Cálculos con *Excel*. Gráficos en *Excel*. Impresión dun documento de *Excel*. Libro de traballo.

4. DATOS ACADÉMICOS			
Títulos	Centros	Duración	Data expedición
Cursos realizados na EGAP			Data de realización

5. DECLARACIÓN-SOLICITUDE
- Declaro, baixo a miña responsabilidade, que coñezo as bases da convocatoria e que son certos os datos que figuran nesta solicitude. - Solicito tomar parte no curso ou actividade de referencia. de de 2005 Sinatura.....

6. INFORME DO/A XEFE/A DO CENTRO DIRECTIVO
Vista a solicitude e o interese para o servizo, emítese informe sobre a asistencia ao curso ou actividade solicitada ☐ favorable ☐ desfavorable
Lugar e data Sinatura e selo do órgano informante Asdo.:

DIRECTOR DA EGAP, polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela

ANEXO I

1. CURSO OU ACTIVIDADE SOLICITADA			
Denominación			
Resolución de convocatoria	Nº DOG	Data de publicación	
Lugar de realización	Datas	Horario	

2. SOLICITANTE			
Apelidos	Nome	CIF	
Enderezo particular: rúa	Nº	Localidade	Provincia CP Teléf.

3. DATOS ADMINISTRATIVOS			
Clase de persoal (func., event., inter., lab. fixo, lab. temporal, etc.)	Corpo	Grupo/categoría	
NRP	Data de ingreso no corpo	Data de ingreso na Admón.	
Posto de traballo: denominación	Nivel	Data nomeamento	
Admón: autonómica/local/ universitaria/estatal, etc.	Consellería ou entidade de pertenza	Centro directivo	
Enderezo do posto de traballo: rúa, número	Localidade (provincia)	Teléf.	Telefax
Correo electrónico:			
Breve descrición das tarefas do posto de traballo que teñan especial relación co obxecto do curso			

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Resolución do 7 de febreiro de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se elevan a definitivas as relacións de admitidos e excluídos no concurso F0105, para a provisión de postos de traballo vacantes nas escalas de informática da Xunta de Galicia, convocado pola Orde do 1 de decembro de 2005.

Publicadas por Resolución do 18 de xaneiro de 2006, da Dirección Xeral da Función Pública (DOG nº 19, do 27 de xaneiro), cunha corrección de erros publicada no DOG nº 23, do 2 de febreiro, as relacións de solicitudes admitidas e excluídas no concurso F0105, para a provisión de postos de traballo vacantes nas escalas de informática da Xunta de Galicia, convocado por Orde do 1 de decembro de 2005, e transcorrido o prazo que se establece nela para presentar as correspondentes alegacións, unha vez examinadas estas, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Elevar a definitivas as relacións de solicitudes admitidas e excluídas no concurso F0105.

Segundo.-Publicar a relación definitiva de excluídos como anexo desta resolución.

Terceiro.-A lista de solicitantes admitidos estará exposta nos taboleiros de anuncios da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, nos das súas delegacións provinciais, no Servizo de Información Administrativa e Atención ao Cidadán en Santiago de Compostela, no Servizo de Información dos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Vigo e Ferrol, nas oficinas comarcais da Xunta de Galicia e tamén poderá consultarse a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia (www.xunta.es).

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, perante o conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, ou poderase impugnar directamente perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo a Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2006.

José Rodríguez González

Director xeral da Función Pública

CONCURSO DE TRASLADOS F0105: ESCALA DE INFORMÁTICA

RELACIÓN DEFINITIVA DE EXCLUÍDOS

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME	NIF	NRP	MOTIVO DE EXCLUSIÓN	OBSERVACIÓNS
FREIRE	GATO	FRANCISCO	32665065-M		13, 30	

CÓD. CAUSA

13
30

CAUSA EXCLUSIÓN

NON CUMPRE TEMPO EXIXIDO NO POSTO DEFINITIVO
NON SER FUNCIONARIO DA ADMÓN. DA XUNTA DE GALICIA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 20 de xaneiro de 2006 pola que se corrixe un erro advertido na Resolución do 14 de decembro de 2005 (Diario Oficial de Galicia do 10 de xaneiro de 2006), pola que se declaraba concluído o procedemento e deserta a praza 01/083 de catedrático de universidade da área de coñecemento de matemática aplicada.

Advertido un erro no texto da resolución desta universidade do 14 de decembro de 2005 (DOG nº 6, do 10 de xaneiro de 2006) pola que se declaraba concluído o procedemento e deserta a praza número 01/083 de catedrático de universidade, da área de coñecemento de matemática aplicada; Departamento de Métodos Matemáticos e de Representación, esta reitoría, ao amparo do previsto no artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procede a súa rectificación nos seguintes termos:

Na páxina núm. 584:

Onde dí: «sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de febreiro de 1995».

Debe dicir: «sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 9 de febreiro de 2005».

A Coruña, 20 de xaneiro de 2006.

José María Barja Pérez

Reitor da Universidade da Coruña

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

TRIBUNAL DE CONTAS (SECCIÓN DE AXUIZAMENTO-DEPARTAMENTO 3º)

Edicto (C-199/2005-0).

O director técnico do Departamento 3º e secretario no procedemento de reintegro por alcance número C-199/05-0, en méritos ao acordado en providencia do conselleiro de contas, de data 19 de xaneiro de 2006, e para dar cumprimento ao previsto no artigo 68.1º en relación co 73.1º ambos os dous